

Entrevista da prensa ao alumnado que resolveu o reto

Por fin puido inaugurarse a exposición “Coñecendo a cultura grega” organizada no Museo Arqueolóxico Nacional de Atenas.

As novas sobre o misterioso roubo de Kleptis e a vosa axuda para recuperar as pezas roubadas chegaron a toda a prensa internacional. Todos queren saber como un grupo de rapaces e rapazas foron quen de resolver este roubo misterioso e devolver as pezas ao seu lugar. É momento de que expliquedes ao público como resolvestes este misterio contestando as preguntas dos xornalistas na seguinte entrevista:

1. Cal foi a clave para descifrardes as misteriosas pistas de Kleptis? Como conseguistes ler as mensaxes?
2. Como organizastes a vosa investigación? Destacarías a achega dalgún ou dalgunha investigadora en particular?
3. Que vos levou a pensar que unha das pezas roubadas era a famosa Venus de Cnido?
4. Quen conseguiu localizar o grupo dos tiranicidas? Por que chegastes a esa conclusión?
5. Cales dos personaxes que aparecen representados nas obras roubadas vos resultaron máis interesantes? Por que?
6. Se tiverades que escoller unha das obras para o cartel da exposición que se vai organizar, cal escolleríades e por que?
7. Despois deste labor de investigación, cal pensades que foi o obxectivo do ladrón co seu roubo? Cedes que algún día se descubrirá a súa identidade?

E ata aquí esta entrevista cos auténticos heroes e heroínas deste misterio! Grazas a todos e todas vós por axudar a que podamos seguir desfrutando da cultura clásica. Parabéns polo voso traballo.



“Entrevista de prensa”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)